

PEREGRINACIÓNS, HOSPITALIDADE E PEGADAS XACOBEAS NA COMARCA EUMESA

Xesús Andrés López Calvo

I. INTRODUCCIÓN

Abordarmos o tema de relacionar a bisbarra eumesa coas peregrinacións a Santiago de Compostela é asumirmos o risco de investigar sobre un tramo de camiño con escasa proxección, por canto que, malia os indicios que mencionarei, non poderemos concluír máis que estamos a nos referir a unha ruta secundaria de acceso a Santiago aproveitando os peregrinos a rede extraordinaria de camiños levantados sobre vellas vías romanas.

Agora ben, se coidamos que é verdade que todos os camiños conducen a Roma, non será difícil comprendermos que moitos tamén foron, orixinariamente, os camiños empregados polos peregrinos antes de que o *Camiño Francés* se propuxese como itinerario típico de acceso a Santiago.

Na redacción deste artigo non nos cinguiremos a unha información polo miúdo dos datos obtidos. Tentaremos, tamén, chamar a atención sobre a importancia da tradición xacobeas no desenvolvemento da historia da bisbarra eumesa, sobre todo na súa época medieval.

Facémolo motivados, en primeiro lugar, pola propia Declaración do Consello de Europa sobre Santiago, de outubro de 1987, onde se facía un chamamento ás autoridades, ás institucións e ós cidadáns para manteren activo o proxecto de identificación dos “camiños” de Santiago sobre o conxunto do territorio europeo. En segundo lugar, motívanos dar ó pasado o protagonismo que se merece. A gran reserva dun pobo é a súa memoria. Ela, como modelo do que foi e, sobre todo, como recordatorio do que puido ser e non se acadou, constitúe o tesouro das súas posibilidades. Trátase, claro está, da memoria viva e activa, o que Hegel chamou *Erinnerung*. É dicir, dunha memoria que non se comprace nas glorias pasadas para nos consolar pasivamente, senón a que se apropia activamente do pasado, que o *mete dentro* (iso significa *er-innerung*), para realizar o que quedou no intento ou promesa¹.

Pontedeume e a súa bisbarra ten unha longa e fonda memoria. Demóstrano os comportamentos, tradicións, hábitos e costumes que, malia as súas esaxeracións, seguen vivos e efectivos no quefacer cotián. O fenómeno xacobeas, milagrosamente universal, diálogo do home co misterio

1. Cf. A.TORRES QUEIRUGA, “O Ano Santo: chamada e desafío á Igrexa Galega”, en *Encrucillada* (1992) 80, 489-508.

de Deus, aberto en cultura, contacto humano dos milleiros de camiños do mundo, é un fenómeno presente en medio de nós, non só coa impresión en pedra transfigurada en arte inmortal, senón na convocatoria que Santiago fai cada certos anos a toda Galicia, coa celebración do Ano Santo Compostelán. Santiago convoca a Galicia, e cada pobo, en ritmo orixinal e énfase senlleiro, responde a esa convocatoria. O noso estudio é, se cabe, unha descrición da resposta de Pontedeume e bisbarra a esa convocatoria.

II. AS PEREGRINACIÓNS E O “HOMO VIATOR”

As palabras agachan o significado primixenio da realidade; o desvelamento etimolóxico das mesmas ofrécenos unha comprensión que aforra outras explicacións. O adxectivo *peregrinus*, que deriva do verbo *peragrar* (percorrer, viaxar por, visitar, ir lonxe) tivo ata a metade do século XI, preferentemente o significado de forasteiro, estranxeiro, persoa que vive no exilio². De aí que o termo *peregrino* (adxectivo e substantivo) indique o estranxeiro ou forasteiro, e con idéntica acepción é empregado o verbo *peregrinari* e *peregrinare*, e o substantivo *peregrinatio*. Nos textos gregos, o ir a un país afastado exprésase co verbo *apodoméo* e a correspondente forma substantiva *apodomía* (estar ausente da patria, estar de viaxe), ou tamén con *ekdoméo* e o substantivo *ekdomía* (saír fóra da patria; partir). Outro termo para indicar o estranxeiro é *xeniteia* e *xenós*, ademais de *paroikós* e *paroikía* (do que se deriva o vocábulo *parroquia*)³. Ó identificar a alta idade media o desexo de venerar os lugares santos ou santificados co forasteiro que se atopa de camiño fóra da súa patria, é como se chega á significación que actualmente ten a palabra peregrino, desprazando o significado primitivo para incorporar un matiz ascético. Deste xeito, a peregrinación convértese nun acto de devoción, que reforza o sentido da transitoriedade da vida e o alleamento do home respecto das realidades terras, por canto estas non son máis ca un lugar de paso.

Se os que viaxan a Roma toman prestado do seu nome o de Romeiros, e os que chegan a Xerusalén se apropian do de Palmeiros, polas palmas que traen ó regreso da súa viaxe. Os que marchan a Santiago de Compostela, que inicialmente son chamados xacobitas ou concheiros, van acabar tendo, co discurso de tempo, a propiedade exclusiva do nome “peregrinos”.

A evolución temporal deste proceso orixinou na alta idade media unha gran mobilidade de masas⁴ na historia de Occidente, causada por varios factores facendo do peregrino a Santiago, xunta cos cruzados, a imaxe máis espectacular do panorama europeo. ¿Por que do peregrino a Santiago?

2. Cf. R. PLÖTZ, “La ‘peregrinatio’ como fenómeno Alto-Medieval”, en *Compostellanum* 19 (1984) 239-265. Cf. ID., “Peregrini-Palmieri-Romeri. Untersuchugen zur Pilgerbegriff zur Zeit Dantes”, en *Jahrbuch für Volkskunde* 2 (1979) 103-134.

3. Cf. U. ROMERO POSE, “Apuntes para una teología de la peregrinación”, en *Lumieira* 8 (1993) 22, 11-26.

4. Cf. R. PLÖTZ, “La ‘peregrinatio’ como fenómeno...”, a.c., 241

1. Factores histórico-contextuais

O século IX amenceu cun perigo grave sobre a Europa cristiá. O poderío musulmán conseguira destruír a florecente cultura cristiá do norte de África, ocupado por España e, desde o sur de Francia, ameazaba Europa. O propósito islamizador dos novos poderes orientais estaba a ser axudado polo sincretismo relixioso-cultural que se forxaba en Toledo. En efecto, o arcebispo desta cidade, Elipando, propoñía unha nova cristoloxía que puidese ser aceptada polos musulmáns: o adopcionismo, suxerindo unha nova interpretación sobre a divindade de Xesús. Quedaba aberto o camiño para acadar unha mestura confusa das tres relixións monoteístas. A noticia de que, nas inmediacións da igrexa de San Fiz de Solovio da diocese de Iria-Flavia, reencontraran o sepulcro de Santiago o Maior, supuxo un símbolo de fidelidade á doutrina herdada dos apóstolos e traída a Galicia polo Zebedeo, e a clave para mover e arrastrar a cristiandade a unha empresa común.

2. Factores económico-técnicos

O avance da reconquista española e a implantación do monacato trouxo como consecuencia a fundación dun número considerable de poboacións que repoboan a meseta do norte da península. Co nacemento da cultura urbana, aumentou a poboación, dividiuse o traballo, aparecendo a artesanía como actividade especializada, organizáronse os estamentos a a concesión para eles de privilexios e dereitos comerciais⁵, propiciándose, ademais, unha preocupación esmerada pola construción de calzadas e pontes⁶. É este un tempo de florecemento do comercio internacional terrestre e marítimo⁷. O comerciante está continuamente de viaxe, negociar e viaxar convértese en termos idénticos.

5. Tal é a orixe histórica da vila de Pontedeume, a cal se gobernou de por si, sen dependencia de ningún outro señorío cá do rei, por un privilexio de 30 de decembro de 1270 dado por Afonso X ós veciños dunhas trinta parroquias das ribeiras do Eume para que poboasen o lugar que chamaban Ponte de Eume, concedéndolles un mercado mensual e o foro de Benavente para se xulgar. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Historia de Puente deume y su Comarca*, Santiago, Imprenta Porto 1944,50.

6. A ponte de Pontedeume foi construída por Fernán Pérez de Andrade a finais do século XIV. Coñecemos este dato por un privilexio dado en Segovia polo rei Xoán I en 20 de marzo de 1384, aprobando e confirmando as doazóns feitas por aquel para a capela e hospital de peregrinos levantados en medio da ponte. Pode verse íntegro o documento en: C. VAAMON-DE LORES, *Ferrol y Puente deume*, A Coruña, Imprenta Ybarra 1909. Tamén desta época é a construción das pontes de Xubia, Ponte do Porco e Sigüeiro.

7. Pontedeume na época medieval era un porto de marea, isto significaba que coa baixamar quedaba en seco, ou máis ben convertido nun lameiro que facía imposible o acceso dos navíos varados. O casco destes, cando eran medianamente grandes e estaban cargados, sufría moito nesta posición; a maior parte, para paliar o inconveniente, afastábanse cara ó exterior ou se concentraban nas reducidas zonas que quedaban con auga profunda. Pero a diferenza doutros portos situados nos fondos das rías, o de Pontedeume contaba cun valioso elemento: a ponte de acceso á vila. Esta delimitaba as augas navegables entre o río e a ría, servía de peirao de carga e descarga directa entre o buque e os vehículos de carreo situados sobre o camiño. A zona da ponte en Viveiro, Santa Marta de Ortigueira, tal vez Cedeira, Neda e Pontedeume era a máis vital e animada do porto. Cf. E. FERREIRO PRIEGUE, *Galicia en el comercio marítimo medieval*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza 1989. No Arquivo Histórico Municipal de Pontedeume (a partir de agora citarémolo coas siglas AMP) consérvase un interesante Libro de Visitas a Navíos (1623-1804) onde se constata a fluidez de tránsito de mercadorías de compañías inglesas e francesas que comerciaban, principalmente, con textís e salgadura.

3. Factores xurídicos-asistenciais

A partir do século XI rexístrase un redobrado interese pola edificación ou ampliación de albergues e hospitais. A asistencia ós peregrinos foi unha preocupación do todo cristiá e de todas as institucións eclesiásticas. Nacida, en principio, da hospitalidade dos mosteiros, desenvolveuse despois independentemente a través de pousadas e hospitais. A partir do século XII, achamos hospitais e hospedaxes ó longo de todos os camiños de occidente, os mesmos nos principais ca nos secundarios⁸. Pero unha das máis importantes melloras das condicións externas para os peregrinos foi a introducción da protección xurídica ó peregrino⁹. Non debía pagar portádego, peaxe nin ningún dereito polos animais ou cousas que acarrexase por razón do seu camiño. Concedéronse salvoconductos especiais para que, durante os anos xacobeos, puideran vir, estar e voltar seguros por terra ou por mar, de noite ou de día, mesmo en circunstancia de guerra. Igualmente, os peregrinos a Santiago, fosen ricos ou pobres, tiñan dereito á hospitalidade e debían ser socorridos con dili-xencia¹⁰.

4. O culto ás reliquias

Na mentalidade relixiosa do home do medievo os restos mortais dun santo ou as súas cinzas son un foco permanente de sacralización. Irradian permanentemente o poder sacro, xa se toquen, xa se veneren¹¹, o que empurra os peregrinos ós camiños para veneraren e imploraren a súa acción intercesora. Unido isto ó uso penitencial das indulxencias dos anos xubilares para o perdón dos pecados, adóptase a peregrinación como pena canónica e redención dos pecados cometidos.

III. OS CAMIÑOS ANTES DO “CAMIÑO”

Na dura e escura realidade de camiños e calzadas, acharon os homes do medievo un ámbito especial para a expresión da súa fe. No ano 813 sucede a inventio ou descubrimento do sepulcro de Santiago, convertendo o noroeste hispánico nun punto de mira da cristiandade. O Camiño de Santiago suscita ó home varias resonancias. Camiño é a vía que se percorre a través de lugares identificados nun mapa. Camiño indica o itinerario cuberto por cada peregrino. Camiño significa a vida humana, nacer é a entrada, a morte o seu éxodo. As tres connotacións converxen na concien-

8. Cfr. R. PLÖTZ, “La ‘peregrinatio’ como fenómeno...”, a.c., 244-245.

9. Cf. L. VÁZQUEZ DE PARGA-J.M. LACARRA-J. URÍA RIU, *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*, Vol.I, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas 1948, 255-279. Tamén Cf. R.PLÖTZ, “La ‘peregrinatio’ como fenómeno...”, a.c., 245.

10. Cf. Ibid., 258. Tamén E. VALIÑAS SAMPEDRO, *El Camino de Santiago. Estudio histórico- xurídico*, Lugo, Deputación Provincial 1971; *Liber V Sancti Iacobi*, capítulo XI, en: A. MORALEJO-C. TORRES-J. FEO (traductores), *Liber Sancti Iacobi Codex Calixtinus*, Pontevedra, Xunta de Galicia 1992, 575-576.

11. E.D.HUNT, *Holy Land Pilgrimage in the Laeter Roman Empire*, Oxford, Clarendon Press 1982, 133-134.

cia do peregrino. Os datos coñecidos da primeira cristianización da Galaecia romana patentizan a decisiva importancia das peregrinacións na antiga Gallaecia cristiá, camiños que se fixarán como camiños xacobeos no alto e baixo medievo¹².

Todos os camiños conducen a Santiago. ¿Haberá parroquia en Galicia pola que, nun ou outro momento histórico, deixaran de transitar peregrinos camiño de Santiago?¹³ Como hipótese de partida imos tomar como punto inicial o territorio que é soporte material do camiño. Primeiro falaremos do espacio e o trazado para, nun segundo momento, describir a obra do home.

1. O itinerario de peregrinación que cruza a comarca eumesa

Referímonos á ruta que vai desde Ferrol e arredores (Neda, O Seixo e Mugardos) pasando por Pontedeume e o seu hospital cara a Betanzos, chegando desde alí en dúas xornadas de camiño ata Santiago¹⁴.

Trátase dun traxecto trazado aproveitando a antiga rede de comunicacións do norte de Hispania, nela vían os camiñantes unha ruta práctica e segura. En efecto, unha das últimas vías construídas durante a romanización do noso territorio foi a que comunicaba a Asturias trasmontana con Legio VII (León), Astúrica (Astorga) e Lucus Augusti (Lugo), e outra que discorría ó longo da costa cantábrica cara a Brigantium. Para o seu coñecemento contamos coa descrición do *Anónimo de Rávena* ou do *Itinerario de Antonino*¹⁵, sobre as comunicacións do norte peninsular, é dicir, unha vía secundaria que enlazaba no seo da ría de Ferrol coa vía principal nº XX do Itinerario de Caracalla *per loca marítima* que unía o Imperio coa costa, a cal á súa vez se fundía coa XIX que unía Braga con Astorga. Sobre esta vía viaxarían tamén en *romaría* a Compostela, os habitantes da comarca da Mariña Alta (actuais concellos de Ortigueira, Cedeira, As Pontes, Moeche, Somozas, etc.) que coñecían estes camiños por motivos económicos, ó ter que facer provisión ou carrexo de abastos par fornecerse, nos mercados e feiras que se celebraban na capital do señorío, daquela a vila de Pontedeume.

12. Cf. U. ROMERO POSE, “O Camiño antes do ‘Camiño’”, en *Encrucillada* (1992) 80, 70-80. Tamén, M. DÍAZ Y DÍAZ, “La cristianización en Galicia”, en F. ACUÑA (Ed.), *La romanización de Galicia*, Sada, Edicións do Castro 1976. Pezas como a estela de Tines (Baio-A Coruña), o sartego de Temes, o crismón de Quiroga e o tenante de altar de S. Pedro de Rochas son exemplo da interrelación de comunicacións do noroeste co resto da Cristiandade.

13. Cf. P. TORRES LUNA, *Los caminos de Santiago y la geografía de Galicia. Rutas, paisajes, comarcas*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1995.

14. Cf. F. VALES VILLAMARÍN, *Las antiguas rutas jacobeanas del territorio brigantino*, A Coruña, Imprenta Moret 1975. Tamén V. HUIDOBRO SERNA, *Las peregrinaciones jacobeanas*, Tomo II, Madrid, Publicacións do Instituto de España 1951, 271-299.

15. Cf. M.C. FERNÁNDEZ CASTRO “Mapa de la red viaria y distribución de villas romanas en el Norte de Hispania”, en AA.VV., *Cántabros, Astures y Galaicos*, Madrid, Ministerio de Cultura 1981, 71. Tamén L. M. LUENGO MARTÍNEZ, “Las excavaciones de la villa romana de Centroña-Puentedeume”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 12 (1962) 5-9.

Quizais estes foron os máis abondosos, pero dos que existe menos constancia documental. Con todo traemos aquí o testemuño escrito conservado no AMP relativo a un expediente administrativo sobre a ponte onde estaba asentado o hospital para peregrinos ó que nos referiremos posteriormente. Trátase dunha densa Real Cédula de 92 folios, datada en 19 de agosto de 1719; o rei Felipe V, ante a solicitude de Fernando García en nome da vila de Pontedeume, decretaba o emprego do imposto do viño e o vinagre, para o arranxo da ponte de Pontedeume que coa forza do mar se arruinara e afundira por algunhas partes. Na descrición que se fai do mesmo deixa ben claro o alto tránsito de xentes por diante do noso hospital, empregando a ruta que consideramos:

“(…) Es el paso de los más públicos de tal manera que era Camino Real desde Ferrol a la Villa de Puentedeume, y desde ella a la ciudad de Betanzos, Coruña y Santiago, y a las villas de Pontevedra y otras de paso. Camino Real para todos los trajineros que de León y Castilla la Vieja hiban por pescados a la dicha Villa de Ferrol, puertos de Ares y Redes. Y en medio de ella un Hospital sobre la dicha mar donde se dezia misa y se recogían peregrinos. Uno de los más grandiosos edificios de España, paso común para el Principado de Asturias y Vizcaia”¹⁶.

Paralelamente, xunto cos viaxeiros habitantes da comarca, este itinerario era utilizado por peregrinos de procedencia inglesa ou irlandesa que chegaban ata estes lugares embarcados nos navíos que traficaban nos portos secundarios galegos. Aínda as cartografías española e inglesa de inicios do século XIX rotulan este itinerario como un dos de principal tránsito do NO de España¹⁷.

Anque o porto principal de desembarco de peregrinos foi, desde a baixa idade media, A Coruña, sabida é a fama que, como enseada e porto estratéxico, tiña para os ingleses o fondeadoiro de Ferrol. Por dúas ocasións, en 1800 e 1804, intentaron conquistalos mediante senllos desembarcos¹⁸. Ademais, ó non haber comercios marítimos centralizados en Galicia ata mediados do século XIX, obrigaba ós navíos a recalar coas súas cargas en portos secundarios para realizaren as súas transaccións¹⁹. Mesmo cando o mal tempo aumentaba á entrada do porto da Coruña, buscábanse os pretos abrigos que ofrecían o porto do Seixo ou a ría de Ares. Como achega anecdótica, sinalaremos que a propia raíña Mariana de Neoburgo, dona de Carlos II, en marzo de 1690, querendo desembarcar na Coruña, proveniente de Alemaña a bordo dunha nave inglesa tivo que variar

16. A.M.P. *Expedientes sobre Pontes, Obras e Urbanismo* 1.7.1, 109, 1588-1935.

17. Véxase Mapa itineario del NOR de España de Juan López, Geógrafo del establecimiento Geográfico de Madrid de 1838. Tamén EL NOR Spain de J. et C. Walker Sculpt, Published by Baldwin et Gadock de 1831, ambos en: INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL (Ed.), *Cartografía de Galicia 1522-1900*, Madrid, Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo 1988. Cf. D. LOMAX “The firts English pilgrims to Santiago de Compostela”, en H.M. HARTING- R.I. MOORE (Eds.), *Studies in Medieval History presented to R.H.C. Davis*, London-Ronceverte, Hambledon Press 1985, 165-175.

18. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *o.c.*, 227.

19. Cf. AMP, *Libro de Visitas a Navíos* 1623-1804.

o seu rumbo por causa dunha tormenta e asistirse coa hospitalidade que lle brindaron vilas como Mugaros, Pontedeume ou Betanzos²⁰.

Esta peregrinación marítima xerou unha rede radial que unía Santiago cos principais portos de Galicia, con Viveiro, Ferrol, A Coruña, Laxe, Noia,... e mesmo puido influír noutros camiños. En efecto, unha galerna, un temporal, ou calquera outro factor, podía obrigar a quen navegaba en dirección á Coruña a desembarcar en Santander ou Bilbao. É máis, sendo tan longa a peregrinación por terra desde o norte de Europa -a ida e volta requiría varios meses-, e tan curta a navegación -como moito unhas semanas-, non sería de estrañar que houbera peregrinos que, a falla dun barco que fora directamente a Galicia, se contentaran con calquera nave que os deixara na costa francesa ou cantábrica, pois así, por lonxe que quedase do destino final, aforrábanse semanas de marcha a pé.

Dado o entusiasmo dos anglosaxóns polas peregrinacións ós santuarios europeos, é probable que moitos deles visitaran Compostela antes da invasión normanda de 1066 e que gran parte deles o fixeran por mar. De feito, a maioría dos peregrinos das Illas Británicas dos que temos noticia elixía este medio de transporte²¹. Os pilotos dos barcos que os levaban limitábanse a seguir rutas marítimas xa establecidas por fenicios, romanos e viquingos. Malia as tormentas, a ruta marítima a Compostela era probablemente máis segura cás rutas terrestres, ategadas de traficantes de escravos e ladróns de todas as relixións. Para os ingleses Galicia non era finis terrae, como para os francos, xermanos ou italianos, senón un dos moitos portos onde un barco podía atracar no seu camiño cara ó Mediterráneo. De todos os xeitos, isto só debía ser verdade para o mariñeiro; para o peregrino medio, esta sería a súa primeira e única gran viaxe por mar, acosada por tormentas no golfo, naufraxios na costa e piratas de todas as nacionalidades. Se todo o demais ía ben, existía unha vantaxe: a viaxe era infinitamente máis curta ca por terra²².

Cando un peregrino inglés partía cara Compostela podía tomar tres rutas. A máis curta era cruzar de Dover a Calais. Outra alternativa era a viaxe, algo máis longa, desde Southampton ou Poole ou algún porto da parte oeste ata o esteiro do Garona deica Baiona, en ambos os casos os peregrinos podían tomar o Camiño francés. A terceira posibilidade era a máis longa viaxe por mar, que levaba entre catro e quince días segundo o tempo, desde varios portos ingleses e galeses das costas oeste, leste e sur, directamente a Galicia. O porto preferido para desembarco na idade media

20. Cf. A RINCÓN, "Edición, introducción y notas de: relación contemporánea sobre la llegada y estancia en Galicia de la reina ña. Mariana de Neoburgo en 1690", en: *Compostellanum* 13 (1968) 659-685.

21. Cf. S. CRESPO, "Dos pelerinos ingleses que viñan a Compostela", en *Logos* (1935) 19-25. Tamén en C.M.STORRS, *Jacobean pilgrims from England to ST. James of Compostela. From the early twelfth to the fifteenth century*, Santiago, Xunta de Galicia 1994.

22. Cf. B. TATE, "Las peregrinaciones marítimas medievales desde las islas Británicas a Compostela", en S. MORALEJO-F. LÓPEZ-ALSINA, (Eds.), *Santiago, Camiño de Europa. Culto y cultura en la peregrinación a Compostela*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1993, 161-179.

serodia era A Coruña ou, ocasionalmente, noutros puntos da costa atlántica preta, ou mesmo Lisboa, desde onde facían o Camiño de Portugal en dirección norte cara ó seu destino²³.

2. Relatos de viaxeiros

Centrarémonos neste estudo nas noticias de peregrinos europeos que chegaron por vía marítima a portos de Galicia e que empregaron, polo menos nalgunha das súas etapas, o itinerario de peregrinación ó que nos referimos.

a) William Wey

Mestre do Eton College fala no seu *Itinerarium* da peregrinación que fixo a Compostela en 1456 procedente de Plymouth (Inglaterra), aproveitando as facilidades extraordinarias que se ofrecían ós ingleses coa curta viaxe polo mar ó porto da Coruña²⁴. Contou ó chegar oitenta e catro barcos orixinarios de diversas nacións do noroeste de Europa, dos que trinta e dous eran ingleses. Supoñendo unha media de sesenta viaxeiros por barco e supoñendo tamén que a maioría de tales embarcacións transportaran peregrinos, cómpre estimarmos que no lapso duns poucos días desembarcaran gradualmente alí uns catro mil viaxeiros. Se se ten en conta que A Coruña non era o único porto ó que arribaban peregrinos e se se admite que o tráfico marítimo tivese lugar durante uns cantos meses de primavera e verán (Wey fixo a viaxe de ida en maio e a de volta en xuño), é doado que foran decenas de miles os que entón chegara a Galicia en barco, facendo dos seus portos lugares tan cosmopolitas ou máis cós núcleos do principal camiño terrestre²⁵.

b) Bartolomeo Fontana

Un astrónomo veneciano que en 1538 decide peregrinar cara a Compostela. Comeza o seu camiño o 19 de febreiro e acada a súa meta o 18 de setembro do ano seguinte. A relación da súa viaxe, o seu *Itinerario*, publícase once anos despois, en 1550. Entra en Galicia por Ribadeo proveniente de Oviedo, cruza as rías de Ortigueira, Ferrol e Ares para ir primeiro a Fisterra e logo a Santiago. Velaquí as notas que recolle no seu diario, despois do seu percorrido por terras do Eume:

“De Ribadeo a Viveiro, 12 leguas, con tramos con calzada, a Santa Marta (Ortigueira), 4 leguas, a Neda 6 leguas. Ata Mugardos unha legua, Ares outra legua, e ata Pontedeume outra legua. Á entrada de Pontedeume pasei por unha longa e antiga ponte de pedra sostida por moitos arcos, que atravesa un porto, en

23. Cf. *Ibíd.*, 167. tamén W:R: CHILDS, “English and the Pilgrim Route to Santiago”, en V. ALMAZÁN, (Coord.), *Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos*, Vol.I, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1998, 81-91.

24. Cf. L. VÁZQUEZ DE PARGA-J.M. LACARRA-J. URÍA RÍU, *o.c.*, Tomo II, 238 e Tomo III, 127.

25. Cf. A.SORIA Y PUIG, *El Camino a Santiago. I Vías, viajes y viajeros de antaño*, Madrid, Ministerio de Obras Públicas y Transportes 1991, 99.

*todos os meus día nunca vin unha semellante en lonxitude, en medio da que hai un hospital que alberga peregrinos*²⁶.

c) Martir de Arzendjan

Bispo da cidade armenia de Arzendjan, comezou o 29 de outubro de 1489 unha peregrinación, con ánimo de visitar a tumba do apóstolo S. Pedro, aunque despois estendeu a súa viaxe ata o extremo de Galicia, para expresar a súa devoción ó Apóstolo Santiago. Sae de Roma o 9 de xullo de 1491, entra en España por Baiona e para ir a Santiago bordea a costa cantábrica ata Oviedo. Desde San Salvador de Oviedo deica Santiago menciona Betanzos. Visita Fisterra e decide seguir pola costa cara a Bilbao e Guetaria²⁷.

d) Antoine de Lalaing

Señor de Montigny. Na súa relación da viaxe de Felipe I o Feroso a España, en 1502, describe tamén o camiño a Santiago pasando por San Salvador de Oviedo. Chegado a Oviedo vai polo camiño da costa ata Ribadeo, continuando despois por Mondoñedo e Betanzos a Santiago²⁸.

e) Jacobo Sobieski

Pai do que foi Xoán III, rei de Polonia, seguindo un costume acreditado entre a nobreza polaca, fixo na súa xuventude unha longa viaxe de seis anos por Europa para perfeccionar así a súa educación. No seu itinerario menciona o itinerario da costa²⁹.

f) Duodechinus de Logistein e Osberno, o Inglés.

Non foron sempre motivos relixiosos os que levaron viaxeiros a Compostela. A idea de cruzada, que uniu o relixioso co guerreiro, favoreceu desde a segunda metade do século XI a Reconquista e levou a que moitos cruzados interrompesen a súa viaxe para participar nas loitas contra os infieis. Entre os cruzados que se reuniron en Dartmouth no mes de abril de 1147, había-os flamengos, holandeses e alemáns. Duodechinus de Loginstejn nos *Annales Sancti Disibodi* relata o asunto ó abade Cuno ata a toma de Lisboa. Despois dunha tormentosa navegación durante oito días, unha parte da flota aliada aportou nos primeiros días de xuño na costa do norte de España nas proximidades da cidade galega de Viveiro. Desde alí os cruzados dirixíronse a vela ata o río Tambre (ría de Noia) e marcharon todos xuntos cara á cidade do Apóstolo. Outra testemuña ocular, o inglés Osberno, narra polo miúdo e con fascinación a viaxe ó longo da costa; cita Oviedo co culto ó

26. A. Fucelli, *L'itinerario di Bartolomeo Fontana*. Perugia, Edizioni Scientifiche Italiana 1987, 58-114.

27. Cf. X. Carro García, *A peregrinaxe no Xacobe de Galicia*, Vigo, Galaxia 1965, 156-157.

28. Cf. L. Vázquez de Parga-J.M. Lacarra-J. Uría Rúa, *o.c.*, Tomo II, 243.

29. Cf. *Ibid.*, 244.

Salvador, Ortigueira e A Coruña, cita tamén os 24 arcos da ponte de Pontedeume e Iria Flavia, que el identifica, erroneamente, como Padrón³⁰.

V. INSTITUCIÓNS QUE MANTIVERON A PEREGRINACIÓN E HOSPITALIDA DE XACOBEAS NA BISBARRA EUMESA

Das rutas de peregrinación nacen núcleos de poboación con hospitais, igrexas e pousadas para atender as necesidades dos peregrinos. O descubrimento ó orbe católico do sepulcro de Santiago, e o eco propagandístico do fervor das peregrinacións abriron novas canles á historia da Igrexa de Galicia, e sobre todo trouxo unha intensificación extraordinaria de fundacións monacais. Foi o feito que provocou o comezo dunha nova etapa no desenvolvemento da colonización monacal de Galicia, pois o sentimento relixioso das peregrinacións estivo alentado polos monxes residentes naqueles mosteiros máis próximos ós camiños que conducían a Compostela. Isto necesariamente repercutiu na situación regular e económica dalgunhas ordes e conventos, ó orientaren a práctica da beneficencia no socorro como hóspedes a peregrinos e necesitados³¹.

1. Monacato.

A vida dos mosteiros estaba xerarquizada pola primacía do feito relixioso. Tocante a esta prioridade e en cumprimento do precepto evanxélico de dar de comer ó famento e acoller ó desamparado, o monxe tiña como deber atender os hóspedes, peregrinos e doentes que chegaban ó cenobio³².

Doentes e peregrinos -na época medieval a condición de peregrino implicaba case sempre consecuencias negativas para a saúde ou, cando menos, necesidade imperiosa de descanso- eran atendidos nos mosteiros. En todos os estudos sobre esta temática hai consenso para afirmar que gracias a hospitais e alberguerías, os mosteiros eran case os únicos centros que podían garantir, na Galicia dos séculos centrais da idade media, algún tipo de atención médica³³.

Polos itinerarios de peregrinación chegaron a Galicia influencias europeas. Xurdiu unha arte nova co románico das peregrinacións, ata o punto de se formar, dentro do noso país, áreas

30. Cf. K. HERBERS-R. PLÖTZ. *Caminaron a Santiago, relato de peregrinaciones al "fin del camino"*, Santiago, Xunta de Galicia 1999, 32-33.

31. H. SAA BRAVO, *El Monacato en Galicia*. A Coruña, Librigal 1972, Vol. I, 217.

32. Cf. J.M. ANDRADE CERNADAS, *Monxes e Mosteiros na Galicia Medieval*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade, 1995, 90-94.

33. Cf. *Ibid.*, 93.

comarcais do románico³⁴. Esta serie de influencias repercutiu necesariamente na situación regular e económica dos mosteiros próximos á rutas que conducían a Compostela.

Percorrendo as terras do Eume resulta difícil substraerse ó fenómeno histórico da colonización de terras incultas transformadas en productivas polo traballo dos monxes. A seguir facemos unha pequena relación.

a) Benedictinos

A tradición de aloxar e protexer os transeúntes non só está fortemente enraizada co espírito monástico senón, en xeral, coa mensaxe cristiá en canto que todo fiel non é máis ca un peregrino na terra. A norma benedictina enfatiza especialmente este aspecto: hanse de recibir todos os hóspedes que veñan coma a Cristo en persoa. Xa o Concilio III de Toledo, celebrado no 589, ordena ós bispos que acudan ás necesidades dos peregrinos o tempo que puidesen³⁵. Da presenza desta orde monástica na bisbarra citamos os mosteiros de San Martiño de Xubia, San Xoán de Caaveiro nos principios da súa fundación e o priorado de San Martiño de Porto.

b) Cóengos regulares de Santo Agostiño.

Os seus carismas: o culto e a oración, a atención ós doentes, o albergue dos peregrinos e as misións do apostolado³⁶. A eles pertence a conversión de Caaveiro en 1160 e os priorados de San Miguel de Breamo (Pontedeume) e San Salvador de Pedroso (Narón).

c) Cistercienses

Unha corrente reformista respecto á aplicación da Regra de San Benito. Unha reforma achou en Galicia un amplo eido de actividades, disputando con outras ordes a primacía e o celo no exercicio sanitario. Na soidade inhóspita de Monfero callou un longo historial de actividades, que sproxectaron a este mosteiro como foco de atracción de peregrinos e viaxeiros³⁷.

d) Terciarios Franciscanos

Sen dúbida, a maior achega a esta actividade da hospitalidade na ruta de peregrinación que pasaba por Pontedeume e bisbarra é mérito desta orde. Son os que mantiveron e administraron desde Santa Catalina de Montefaro o Hospital para Peregrinos de Pontedeume.

34. Cf. H. SAA BRAVO, o.c., 112. También C. ÁLVAREZ, *El románico en la comarca eumesa*, Pontedeume, Imprenta López Torre, 1998.

35. *Actas del Concilio III de Toledo en 589*, Madrid, Imprenta Fontanet 1981, 150.

36. Cf. F. Campo del Pozo, "Los agustinos en el Camino de Santiago desde Roncesvalles hasta Compostela", en *H. Santiago Otero*, (Coord.), *El Camino de Santiago, la hospitalidad monástica y las peregrinaciones*, Salamanca 1992.

37. Cf. J.L. LÓPEZ SANGIL, "Historia del Monasterio de Monfero", en *Estudios Mindonienses* 14 (1998) 12-162.

É verdade que estes enclaves do monacato non estaban situados á beira da ruta e peregrinación, senón a unha relativa distancia, nembargantes hemos de lembrar que os monxes buscaban unha vida retirada, fóra das cidades e das grandes rutas, pero interviñan no control relixioso, social e político da sociedade medieval.

2. Parroquias

A partir do século XII o concepto de solidariedade veciñal fai crecer arredor da parroquia, sobre todo na súa dimensión cohesionadora da comunidade, unha organización de axuda ou apoio mutuo que vai dar como froito o nacemento de pequenas institucións piadosas (confrarías, fundacións e ata pequenos hospitais) que teñen como primeiro obxectivo a axuda nos momentos de enfermidade ou asistencia a peregrinos doentes.

Entre as advocacións dos santos patronos das parroquias que están abranguidas na ruta de peregrinación que sinalabamos con anterioridade, ocupa un lugar preeminente o apóstolo Santiago³⁸. De feito nas rutas e camiños do itinerario de peregrinación que propuxemos temos adicadas a Santiago as parroquias de Coxela (Ribadeo), Reinante (Barreiros), Fazouro (Foz), Sargadelos (Cervo), Cereiro e Viveiro (Viveiro), Cuiña e Mera (Ortigueira), Abade (Moeche), Lago e Pantín (Valdoviño), Santiago Seré e o santuario de San Roque do Camiño (As Somozas), Bermui e lugar da Fraga -de tradicional romaría o 25 de xullo- (As Pontes de García Rodríguez) e Xubia (Narón), todas elas pertencentes á diocese de Mondoñedo, que das trinta e dúas parroquias que nela ten como titular a Santiago, catorce están comprendidas neste itinerario. Do tramo que descorre por territorio da diocese compostelá: Franza (Mugar dos), A Capela (A Capela), Barralobre (Fene), Pontedeume e Boebre (Pontedeume), Adragonte (Paderne), Requián e Betanzos xunto co santuario da Nosa Señora do Camiño (Betanzos). Outros santos de veneración polos peregrinos son san Martiño, san Xiao ou san Cristovo, dos cales tamén achamos advocacións nas parroquias polas que discorre o itinerario de peregrinación que estudiamos. Tantas parroquias e santuarios supoñen outros tantos focos que manteñen vivo o fenómeno xacobeo e o entusiasmo polas peregrinacións.

3. O Hospital para peregrinos de Pontedeume

O rei de Castela Afonso IX en 1226 publicou un decreto con normas estrictas para asegurar a atención axeitada dos que viñan a visitar o Sepulcro de Santiago³⁹. Tal recomendación tivo eco no Señorío de Pontedeume. Así en 1381, constrúese un hospital para pobres e peregrinos por mandato de Fernán Pérez de Andrade, señor de Pontedeume, Ferrol e Vilalba, a cargo dos frades

38. Cf. M.P. TORRES LUNA, *Municipios y parroquias de Galicia*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicaciones da Universidade, 1989.

39. A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la S.A.M.I de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela*, Imp. Seminario Conciliar 1902, Tomo V, 98-101.

da Terceira Orde de San Francisco do veciño convento de Santa Catalina de Montefaro, fundado igualmente polo de Andrade cara ó último tercio do século XIV⁴⁰.

a) Fundación

César Vaamonde Lores, en Ferrol y Puentedeume -traballo publicado na Coruña en 1909, sobre escrituras referentes a propiedades adquiridas polo mosteiro cistercense de Sobrado dos Monxes, nos ditos partidos xudiciais durante os séculos XII, XIII e XIV- constata a existencia da escritura dun privilexio do rei Xoán I, dado en Segovia o 20 de marzo de 1384, aprobando e confirmando as doazóns feitas por Fernán Pérez de Andrade o Bóo, señor de Pontedeume, para unha capela e hospital que se achaban levantados no medio da ponte que daba nome á vila do Señorío⁴¹.

Os servidores de dito hospital eran os frades da Orde Terceira Franciscana do convento de Santa Catalina de Montefaro. Ó seu cargo deixou Fernán Pérez de Andrade a administración deste hospital mediante dúas fundacións. Unha, obrigaba os mesmos frades a cargar polo súa conta cos arranxos do hospital e asistilo con camas e con todo o necesario para a decencia do lugar. A outra, era unha fundación de misas pola alma do rei don Enrique (dúas rezadas semanais e unha cantada o día do Espírito Santo). Como dotación económica os frades de Montefaro tiñan dereito a recoller o d ezmo da madeira e o importe dos impostos do portádego, xunto cos estipendios para celebrar misas na capela do dito hospital. Non eran insignificantes tales rendas por canto que a mediados do século XVIII o portádego do paso da ponte á vila, “(...) *solía arrendar los 900 reales sin contar lo que se percibía polas que radicaban al otro lado*”⁴².

Esta versión vén confirmada polo asento dunha partida no *Libro Rexistrador de Propiedades do Concello* que data de 1739 e que transcribimos no apéndice documental deste traballo. Xa a principios do século XVIII, a renda do portádego xa non a percibía o ministro de convento de Montefaro senón a Coroa, para facer fronte ós gastos de reparación das pontes do reino. Esta mesma partida informa que a mediados do XVIII, a renda percibida por esmola das ditas misas, subsidio e escusado, arranxos do hospital e asistencia de hospitaleiro e peregrinos ascendía a 340 reás⁴³.

Jerónimo del Hoyo, cóengo dignidade de cardeal da igrexa compostelana, visitador xeral da diocese durante o pontificado de Maximiliano de Austria (1603-1614) deixou constancia da actividade institucional que existía (igrexas, escolas, hospitais e capelas) nunha relatio de 1607. Cando enumera as institucións con que contaba Pontedeume confirma a fundación deste hospital:

40. Sobre a historia deste convento, cf. A. REY ESCARIZ, “Santa Catalina de Montefaro”, en *Boletín de la Real Academia Gallega*, III (1910) 202-206.

41. C. VAAMONDE LORES, o.c., 76-79.

42. *Ibid.*, 78.

43. AMP, *Libro Rexistrador de Propiedades e documentos afíns*, Patrimonio 1.8.1, 454.

“Hay un hospital que está fundado en medio del puente. Está a cargo de los padres de Santa Catalina de Montefaro”⁴⁴.

b) Características

Para determinar cómo estaba organizado este hospital cómpre recorreremos ás descrições que as diferentes fontes e a bibliografía fanos da ponte onde estaba asentado.

Así Antonio Couceiro Freijomil, na súa Historia de Puente deume y Comarca, cando relata a construción da ponte sobre o río Eume, dá noticia dunha antiga reseña manuscrita da que recolle este parágrafo:

“Entre el arco 20 y 21 hay una capilla dedicada al Espíritu Santo y junto a ella hubo un pequeño hospital, en el cual había siempre cuatro camas para los peregrinos que viajaban a Santiago; pero hoy aunque existe la capilla, desapareció del todo el hospital, habiéndose sacado sus últimas piedras, para embaldosar, en parte, la plaza de San Roque de la Villa, en el año 1841...En 1751 hallábase el hospital al cuidado de un ermitaño quien tenía su vivienda encima de la capilla. pedía ñimosna y con lo que recogía cuidaba de las cuatro camas a que habían quedado las doce que mantiviera. primitivamente. No obstante el Convento de Montefaro percibía las rentas del Hospital”⁴⁵.

Pascual Madoz, no seu Dicionario Geográfico, ó describir a morfoloxía urbana de Puente deume a mediados do século XIX, e máis concretamente a edificación da ponte constata:

“Está fundado en una calzada de mampostería o piedra, perdida con espesor de 14 pies sobre un ancho de más de 50 (...) Entre los arcos 20 e 21 hay una capilla dedicada al Espíritu Santo, y junto a ella existió un hospital con cuatro camas para los peregrinos que viajaban a Santiago”⁴⁶.

Todas estas noticias non fan máis que resumir os datos que aparecen en distintas ordenanzas do Arquivo Municipal da vila de Puente deume. Por elas sabemos que no arco 20 da primitiva ponte que deu nome á vila había unha capela dedicada ó Espírito Santo, con tres altares adicados á Virxe do Carme, Santo Ecceomo e Santa Bárbara. Pegado á dita capela achábase unha casa que

44. Cf. JERÓNIMO DEL HOYO, *Memorias del Arzobispado de Santiago, Santiago de Compostela*, Imprenta Porto. Documento del 1607, conservado o seu orixinal no Arquivo da Catedral Compostelá e editado, a mediados deste século, por Angel Rodríguez González e Benito Varela Jácome.

45. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *o.c.*, 132-133.

46. P. MADOZ, *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, Tom. XIII ed. de 1849, 272. Na actualidade a dita ponte só conserva 15 arcos e viu aumentado o seu primitivo ancho polas sucesivas reformas, o que imposibilita calquera investigación arqueolóxica.

servía de hospital para peregrinos. A mediados do século XVIII aínda vivía un hospitaleiro, que segundo o que achega o *Libro Rexistrador de Propiedades do Concello de Pontedeume*, “(...) *tiene buque y espaciosidad suficiente para celebrar y dar posada a los que viajan de distintas partes en Romería a Compostella*”⁴⁷.

Trataríase, pois, dun edificio de non máis de dous andares, cunhas habitacións habilitadas para os leitos e para cada sexo, de escasa capacidade e poucas dependencias accesorias, entre as que destacan, á parte da propia enfermería, a capela anexa ó edificio.

c) Dotacións e servicios

Non é que conservemos documentación explícita e puntual sobre a actuación terapéutica e asistencial do hospital que nos ocupa. Podemos, sen embargo, enumerar unha serie de informacións paradigmáticas acudindo ós estudos monográficos feitos en xeral sobre as características dos hospitais para peregrinos⁴⁸.

Comezaremos polas camas. Consistían nun cuadrilátero de madeira, no que encaixa unha tarima de táboas, sostido todo isto en catro pés; na parte correspondente á cabeceira, soen levar un travesaño para apoiar a almofada. A maioría dos hospitais pequenos, como o de Pontedeume, soían estar dotados de doce camas, en lembranza do número apostólico. O habitual é que estivesen separados o dormitorio de homes e o de mulleres, xa que era relativamente frecuente durante a idade media que durma máis unha persoa en cada cama, motivo polo que, ás veces, os leitos son moi amplos. Respecto á comida, todos os testemuños documentais conservados de hospitais semellantes ó que nos ocupa, reseñan o ofrecemento de comida a doentes, peregrinos e necesitados. Por último sinalar que tamén se ofrecen nestes hospitais as naturais prácticas relixiosas e sacramentais, ademais de, por suposto, enterramento⁴⁹.

Respecto das atencións sanitarias e os métodos terapéuticos, unha vez aloxados os peregrinos no hospital, a práctica sanitaria inicial vai consistir no lavado de pés do recién chegado, un acto entre ritual e o estrictamente hixiénico, e que era precaución fundamental fronte a quen era, antes que ningunha outra cosa, camiñante. Unha segunda medida preventiva era o tratamento do coiro cabeludo, encamiñada a evitar os efectos dos parasitos e a súa transmisión. Piollos e chinchas constitúen unha patoloxía común entre os peregrinos. Unha nova medida era o sacudido do hábito do peregrino ou outras roupas enriba do lume para despoxalos de posibles parásitos ademais do

47. A.M.P. 1.8.- Patrimonio, 454-1756. Texto completo no apéndice documental.

48. Cf. J.R. CORPAS MAULEÓN, *La enfermedad y el arte de curar en el Camino de Santiago entre los siglos X y XVI*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1994. Tamén: M. MARTÍNEZ MARTÍNEZ, “Los hospitales rurales en la ruta jacobea”, en *Compostellanum* 34 (1989); J. VILLAAMIL Y CASTRO, “Reseña histórica de los establecimientos de beneficencia quehubo en Galicia durante la Edad Media, y de la erección del Gran Hospital Real de Santiago fundado por los Reyes Católicos”, en *Galicia Histórica* 1 (1902) 227-250.

49. Cf. J. R. CORPAS MAULEÓN, *o.c.*, 59-62.

lavado das predas confeccionadas con liño. Dos remedios que se atopa documentados aparecen bálsamos, xaropes, pocións, aceites e infusións para fortalecer a epiderme e os pés⁵⁰.

d) Evolución posterior

Desde a súa fundación, a mediados do século XIV ata o século XVII non temos moitas noticias do exercicio da súa misión. Se a súa construción foi determinada antes ou despois da implantación das peregrinacións, é cousa que non importa moito. Nestes séculos alí estaba ligado, para ben ou para mal, un eixo de comunicacións. A hospitalidade, que non era patrimonio exclusivo da ruta xacobea, proporcionábase ós peregrinos onde fose mester: paso de portos, o vao dun río, ou en calquera circunstancia de caridade.

En 1607 xa sinalamos que foi obxecto de visita polo canónigo cardeal Jerónimo del Hoyo.

En 1708 o hospital ameazaba ruína. Da súa construción encargouse o arquitecto Domingo Maceiras, veciño da Coruña, despois do contacto celebrado o 17 de xullo do dito ano co P. Fr. Pedro de los Santos, ex-definidor e ministro de Montefaro, no cal se estipulou que o referido arquitecto

*“(…) a de hacer el arco de nuevo, que está a la parte del levante donde viene el río a la mar, que tiene un arco bajo con un pilar en medio, y este dicho arco se ha de labrar de nuevo, haciéndolo entero con nuevas dovelas, y no ha de ser de dos arcos como lo está el viejo”*⁵¹.

Foi axustada a obra cuns materiais que correron por conta da vila de Pontedeume, en 1300 reais e unha pipa de viño para o gasto do arquitecto e os seus oficiais.

En 1719, a consecuencia dunha forte riada, causáronse graves destrozos no sitio do hospital e en cinco arcos da ponte onde estaba asentado. Por real cédula de 19 de agosto dese ano, ordénase amañar o estropicio ó mestre de arquitectura Antonio Calvo de Seares⁵².

En 1721, don José Lorenzo de Castro, alcalde maior e rexedor da cidade da Coruña, asistindo ó intendente xeral do reino, presentou memorial ó Concello de Pontedeume, dicindo que cumpría obrigar a empregar as cantidades do imposto do portádego para o amaño da ponte. O Concello da vila deu noticia desto ó convento de Montefaro, segundo consta no folio 83r. do Libro Rexistrador de Propiedades do Concello que reproducimos no apéndice documental.

50. *Ibid.*, 83-84.

51. VAAMONDE LORES, *o.c.*, 79.

52. *Ibid.*

O 7 de agosto de 1783, o xuíz ordinario de Pontedeume fixo un recoñecemento ocular das ruínas ocasionadas polo violento ímpeto da crecida do río na ponte da dita vila. O seu informe di literalmente:

*“Llegamos de una embarcación al hospital de Peregrinos y a la Capilla nombrada del Espíritu Santo fundado una y otra en dicha puente por el Excmo. Sr. Conde de Andrade. El arco contiguo a dicho hospital que va hacia la parte del norte, sus cepas quedaron arruinadas de manera que de la parte del Hospital se desprendió mucha porción de material del muro exterior, quedando sólo en la superficie alguna parte corta del enlosado”*⁵³.

Como conclusión do informe pídese un rápido amaño do arco caído ó pé do hospital. Nun informe semellante de 1788 consígnanse:

*“Sobre el arco 20 hay un hospital en donde suelen recogerse peregrinos de tránsito por dicho puente a Santiago de Compostela y otras partes. Dicho hospital tiene su capilla en que se celebra Misa”*⁵⁴.

e) Demolición do hospital

En virtude das leis desamortizadoras, o 17 de decembro de 1835 fíxose o inventario das imaxes, ornametos, vasos sagrados, campá da torre e demais efectos pertencentes á capela deste hospital. Entre as imaxes inventariadas achábase a de San Salvador, escultura labrada en pedra que estaba colocada no centro do retablo e fixa na parede⁵⁵. As ordenanzas posteriores determinan a demolición do hospital en 1841, respectando a capela, e que os seus materiais sexan aproveitados para diversas obras públicas. En 1867, coa construción da nova ponte, determínase análogo proceso para a capela.

4. O Hospital de Guende en Santa María de Souto (Paderne)

A primeira noticia desta fundación ofrécenola J. Villamil no seu estudio sobre os hospitais para peregrinos en Galicia durante a idade media:

“Un sepulcro abandonado en un camino, y una pared con un crucifijo y la inscripción: Este espital mandou facer o mes (...) ano de M (...) CCCXLV, hallados por

53. *Ibíd.*

54. A.M.P. *Expedientes sobre Pontes*, 1.7.1, 1588-1935, 109.

55. VAAMONDE LORES, o.c., nota da páxina 79. A dita imaxe consérvase hoxe na Capela do antigo cenobio de Bremao na fregresía de San Pedro de Vilar, concello de Pontedeume y diocese de Santiago de Compostela. No averiguamos maiores aclaracións sobre o paradiroiro dos seus outros bens.

el P. Sarmiento, en su viaje del año 1745, le pusieron en conocimiento del lugar que ocupó el hospital de Guendo, situado nada más que á una legua de Betanzos, después de pasar Nuestra Señora del Camino, los molinos de Caraña y la parroquia de Tiobre, en dirección á la costa. No lejos del hospital de Gruma que se hallaba (á cinco leguas largas de Santiago, en el camino de Betanzos) entre Cabeza de Lobo y el priorato de San Martín de Zarandones, como el propio Padre Sarmiento dice en su Viaje del año 1745; y del bruño que el mismo Padre coloca hacia el mencionado sitio (dando lugar á creer que fuese el mismo de Gruma), entre Cabeza de Lobo y Las Trabesas, desde cuyo punto ya se denominan las marismas de Betanzos, según se dice en la relación del Viaje que, en 1754, hizo el mismo sabio benedictino”⁵⁶.

O propio Villamil suxire que na referida gravación as palabras ilexibles da inscrición refírense ó mestre frei Alonso Pernas de Betanzos, finado en 1485 e que chegou a ser bispo de Marrocos.

Novas informacións achégaas, de novo, o mesmo autor:

“Fernán Pérez de Andrade o boo, que edificó según tradición céltica, en sentir de Murguía, siete iglesias, siete monasterios, siete hospitaes y siete puentes, es bien fácil que fundase e dotase algos de leprosos. Como fundó el citado de Pontedeume en 1393 y restauró y acrecentó el de Betanzos, según Montero y Aróstegui. En esta última ciudad fundó después, en 1500, el de San Bartolomé, Lope de Guende, según se dice en unhas adicionesns manuscritas a la Historia de Betanzos, de Verín y Seijas”⁵⁷.

Desde xaneiro de 1592 ata agosto de 1608, temos noticias que as achega o Libro I de Fábrica da parroquia de Santa María de Souto (Paderne). Trátase dos informes das sucesivas visitas que os prelados composteláns efectuaron á citada parroquia. Polos mesmos sabemos que os bens raíces os administraba Juan de Guende, que habitaba no propio hospital. Debía soste, á parte da actividade hospitalaria e a oportuna acollida dos pobres, o gasto da celebración de tres misas solemnes ó ano, os días de festa de San Bartolomeu e San Sebastiao, a ornamentación e decoro da capela que existía dentro do mesmo⁵⁸.

Non temos maior constancia das diversas etapas e a evolución desta fundación, pero non nos cabe dúbida que supoñían outra manifestación de hospedaxe a peregrinos, establecido nun punto adecuado da parada⁵⁹.

56. J. VILLAMIL Y CASTRO, *a.c.*, Capítulo II, 301-302.

57. *Ibid.*, Capítulo V, 367.

58. ARQUIVO PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE SOUTO, *Libro de Fábrica I*.

59. Sobre outros establecementos hospitalarios na órbita xeográfica que nos ocupa cf. A.A. POMBO RODRÍGUEZ, “Hospitaes e Peregrinos na Cidade da Coruña e no Camiño do Faro”, en V. ALMAZÁN, (Coord.), *o.c.*, Vol.II, 273-310.

5. Outras institucións hospitalarias

A vila de Neda, punto de confluencia do Camiño Real que desde Oviedo, Ribadeo e Mondoñedo conduce ás Pontes de García Rodríguez, onde se bifurca cara a Pontedeume mantíña un albergue-hospital del Sancti Spiritus, do cal só se conserva o lintel da súa porta principal, aloxada na actualidade nunha das portas que dan acceso á casa do concello da dita vila. No Arquivo Diocesano do Bispado de Mondoñedo custodia documentos nos que se rexistra o paso de peregrinos por este hospital⁶⁰.

En datas recentes, algúns autores tamén quixeron ver outras marcas de hospitalidade no camiño, nunha casa inmediata ó trazado do camiño real ó seu paso por Miño, no lugar de Rigueiro, e no lugar de Lapido no concello de Irixoa⁶¹.

VI. CONCLUSIÓN

A peregrinación xacoba foi un fenómeno tan masivo no seu día que se teceu unha rede de camiños de peregrinación. Máis que o camiño de Santiago cabería falarmos dos camiños de Santiago. Non hai movemento sen estacionamento, nin viaxe sen pernocta. Onte, aínda máis que hoxe, era imprescindible unha infraestrutura asistencial para poder viaxar. Elementos básicos desta infraestrutura eran os hospitais, así chamados por dispensar a hospitalidade.

Unha ruta pola que se moven tantas persoas necesitaba un sistema organizado de servizos. Os santuarios, mosteiros, igrexas e en xeral as vilas e cidades con certa entidade poboacional, ofrecen hospitais, albergues e lazaretos, constituíndo unha rede de servizos espirituais e materiais que ofrecían leito, teito, misa e mesa ós viaxeiros. Estes servizos establecíanse nos lugares de tránsito, atendidos por persoas adicadas ó servizo dos peregrinos, como monxes e frades.

O peregrino camiña cara a Santiago ritualiza e dramatiza unha función: a peregrinación xacoba. A ruta convértese, polo mesmo feito de ser unha peregrinación, nun escenario ou espacio sagrado ó longo do que o peregrino representa o misterio do peregrinar. Este espacio configúrase por unha serie de elementos, tradicións, signos naturais ou artificiais, que escenifican o feito de peregrinar e ritualizan, tendo como protagonista ó mesmo peregrino, a gran alegoría simbólica da peregrinación: a viaxe da vida.

O peregrino, identificable como tal polos seus atuendos, é un símbolo. Con este estudio intentamos descubrir na bisbarra do Eume a constante alegoría do camiño.

60. Cf. J.R. NÚÑEZ-VARELA LENDOIRO-M., PÉREZ GRUEIRO-A., LÓPEZ BREY, “La Hospitalidad en el Camino Inglés”, en CONSELLERÍA DE CULTURA DA XUNTA DE GALICIA (ed.), Actas del II Congreso..., *o.c.*, Vol.II, 249-250.

61. *Ibid.*, 252-253



Ejemplo de urca de 1511 con peregrinos a bordo y un predicador en el castillo de popa. Grabado sobre madera de Hans Burgkmair. Tomado de Roger Stalley, "Sailing to Santiago from northern Europe", Future for our past, Folleto nº 32 del Consejo de Europa (1988), 10.

APÉNDICE DOCUMENTAL

I

1739, Pontedeume.

Hospital para Peregrinos situado en medio del Puente son su respectiva Capilla.

Libro Rexistrador de Propiedades, fol.109r-v.

Arquivo Municipal de Pontedeume. Patrimonio 1.8.-454.

En el año de 1739 se recibió real horden de su Majestad para que se diese razón de los hospitales que había, sobre lo qual se escribe carta al Padre Ministro del convento de Monte-faro, y en vista de la respuesta pasó al Convento y le hicieron saver la real Cédula de Su Majestad y en su cumplimiento escribió diferentes ojas escriptas en Pergamino, y por ellas se reconoció, que el hospital del Puente de esta Villa, con su Capilla, le fundara Fernán Pérez o Boo, que lo dejara al Convento con la obligación de dos misas cada semana la una por el señor rey Don Henrique, y la otra por el mismo Fernán Pérez o Boo, para que thenía la renta del Portazgo de dicho Puente dela que oy se bale S.M. desde el año de 1707, y oi se halla dicho Convento con renta de 340 reales por la limosna de dichas misas, subsidio y escusado, reparos del hospital assitencia del hospittalero y Peregrinos.

Tamvién se thomó la razón del Hospital de Santa Margarita y de todo se remitió testimonio a la ciudad de Betanzos.

II

s.f, Pontedeume.

Descripción del Puente donde está asentado el Hospital para Peregrinos.

Libro Rexistrador de Propiedades, fol.83r-92r.

Arquivo Municipal de Pontedeume. Patrimonio 1.8.-454.

Hallasse en la parte ynferior desta villa el Caudalosso Río nombrado el heume, por el qual sube la mar quando crece mas de una legoa, llegando al sitio que llaman piedra de agua y sim embargo de que es Puerto esta dicha villa donde concurren embarcaciones estrangeras de olanda, Francia, y otras diversas partes. Discurrieron en tiempo de los Romanos, fabricar como fabricaron en dicho río, y Mar una Magnífica Puente, que muchas personas aseguraron no haverle visto, ni otra como ella, en todos los Dominios de España, como así lo atesta em el año pasado de 1721 el señor Don Rodrigo Cavallero (*folio 83v*) Yntendente general, que a sido en este Reino quien se sirvio venir a reconocerle.

Tiene de largo mill y quince brazas, cinquenta arcos, de a veinte y quatro, veinte y seis, y veinte y ocho pies en gueco entre pilar, a pilar, y cada uno su corta-mar, por uno , y otro costado.


Y los setecientos, y cinco pies restantes, siguen en rectitud, sin corta-mar en cuia distancia, yncluye ocho arcos. Tiene de Altura, al principio acia a la puerta de la villa y primeros arcos veinte y quatro pies y sigue en disminución hasta los referidos cinquenta arcos donde tiene catorce de alto. Y sigue en dicha disminución hasta lo último donde tiene nueve. Tiene de grueso el tronco (folio 84 r) de dicha Puente doce pies, ynclusos dos de los antepechos, y además relievem los corta-mar cada uno seis pies, y medio. Sobre el Pilar de entre el octavo y noveno arco, contando desde la puerta de dicha villa, tiene un torreón y en él un oratorio del glorioso San Antonio de Padua, el que tiene de alto Diez y ocho pies. Y siguiendo más adelante hasta el arco veinte hai una Capillia su título del Espíritu Santo con tres altares donde se celebra el santo Sacrificio de la misa, y en ellos las Ymágenes de Nuestra Señora del Carmen, Santo Ecceomo, y gloriosa Santa Bárbara. Pegado a dicha Capilla se halla una Casa que sirve de hospital para Peregrinos havitando continuamente en ella un ospitalero, cuia casa (folio 84v) y Capilla tiene buque y espaciosidad suficiente para celebrar y dar posada a los que viajan de Distintas partes en Romería a Compostella. Siguiendo más adelante sobre el Pilar de entre los arcos quarenta y uno, y quarenta y dos tiene, otro torreón con su techo de madera y teja, y a un costado de él la Ymágen de Nuestra Señora de la Quinta Angustia, que bulgarmente llaman Nuestra Señora del Risco.

Cuya Puente está asentada sobre una calzada de maposteria mui crecida y echa a piedra perdida; cuia altura em partes tiene catorce pies y partes a diez, y en otras subperior de ella em partes a más de cinquenta (folio 85r) Pies. Y dicha Altura, llega a quedar en seco la primera hilada de Cantería de dichos pilares los quales con todo el demás edificio son de Sillería de Cantería labrada por la parte exterior.

En este Puente utilissima a todo este Reino, y real Servicio de Su Majestad de que resulta el beneficio unibersal para todos los pasajeros además de esto es utilíssima, y mui precissa, para el Astillero de Nabios en el Puerto del Ferro, Graña, y Monte-esteiro, que se hallan ymmediatos, solo a distancias de una legoa, y sin haver otro Puente ni pasaxe, por donde poder (folio 85v) transitar en derechiura.

Consta, que en el año de 1588 se redificó dicha Puente, y para ello an concurrido las Provincias deste Reino según se colige de un repartimento que por hallarse viejo y carcomido, no se comprehende su ymporte, sólo que se repartió por cinco años, y que en ellos tocó a la ciudad de Betanzos, en cada uno seiscientos ducados, a la de Santiago quatrocientos, a la de Orense Doscientos, y otro tanto a la de Mondoñedo, pero si las más Probincias restantes han concurrido, o no, no se puede aseberar.

Consta, que en todos los más tiempos esta Villa, ha subportado (folio 86r) lo que necesita dicho Puente para su conservación. Y sin embargo de haverse echo barias diligencias para que se reedificase, no se pudo conseguir concurriesen las más Probincias con Cantidad alguna de reales en medio de haver habido sobre ello repetidas hordenes de Su Majestad y señores de su Real y supremo Consejo.



Camiños de peregrinación no noroeste da península segundo José Ramón MENENDEZ DE LUARCA.

Y porque esta Villa y sus alfores con motivo de sus atrasos, continuos Bagages, y alardes, que diariamente subportan por la ymediación de dicho Real Astillero Reciviendo dolicadas molestias e inquietudes y mal trato con soldados de naciones extranjeras, i con expecialidad de Desertores, que de estos see esperimento haver degollado cinco hombres y mugeres (*folio 86v*) a común para el benefico de Pasajeros, además de esto es útil para el servicio de Su Majestad, utilísima y mui precisa si se llegase á formar Astillero para fábricas de Nabios en el Puerto de Ferrol que se halla a distancia una legoa sin thener otro Puente.

En el año de 1726, (*folio 91v*) reparó la villa dos arcos, que tuvieron de coste muchos reales.

Al presente se halla arruinada, que necesita para su permanencia reedificarse toda ella.

En el mismo año de 1721, Don Joseph Lorenzo de Castro, Alcalde-maior y regidor de la Ciudad de La Coruña y diputado, para asistir al Señor Ynttendente en el reconocimiento del Puente, presentó Memorial diciendo que para los reparos, que resulten deban hacerse son los primeros efectos obligados la Producción del Portazgo, que cobra el Convento de Monte-faro a quien pide se le haga saver dicho reconocimiento y el escrivano de Aiuntamiento dé testimonio de la Donación que hizo de dicho Portazgo los Excelentísimos Señores (*folio 92r*) Condes de Lemos, beneficiandose las cantidades, que contribuien los traficantes de dicho Portazgo; lo que así se mandó, y suena que el escrivano halló en sus registros un testimonio de una horden de Su Majestad y que en virtud de ella, se pusieron Cedula para admitir postura, y se arrendara un año en 155 reales, otro en 150, cuió papel se halla por autenticar.(Signo).